

Procedemento para dar de alta alumnos na comunidade

- 1.- Inicia sesión en Agueiro un administrador da comunidade
- 2.- Entrar no menú "Administrar - Usuarios/as - Engadir Usuario"
- 3.- Introducir os seguintes datos reais do alumno/a: (1)
 - Nome
 - Apelidos

- 4.- Introducir o correo electrónico do alumno.
O identificador de correo electrónico do alumno será sempre o seguinte:
nome.apelidos@codigocentro.es
Onde "nome.apelidos" serán o nome e apelidos reais do alumno e "codigocentro" será o código real do centro.

- 5.- Introducir os seguintes datos de acceso para ese alumno:
 - **Nome de usuario** = o mesmo que se introduciu para o correo do alumno (a parte que vai antes da "arroba" @)
 - **Contrasinal** = 123456 (no primeiro acceso, o alumno/a deberá cambiar este contrasinal).

(1) IMPORTANTE:

Todas as comunidades están creadas cos campos "**Nome**" e "**Apelidos**" bloqueados por defecto.

Por esta razón, ningún usuario poderá cambiar estes dous datos (nome e apelidos) a non ser que un administrador da comunidade desbloquee estes campos.

O campo "**correo electrónico**" non pode ser modificado polo usuario, xa que é un dos datos de identificación do usuario na base de datos.

Non se permiten direccións de correo electrónico repetidas ou duplicadas.